



REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

O apoio á unidade de convivencia e a axuda a domicilio, enténdese como prestación básica do Sistema Público de Servizos Sociais e pretende dar resposta á necesidade social de convivencia, en torno á cal se articula o nivel máis primario das relacións humanas, necesarias para o desenvolvemento persoal e para a integración social das persoas.

O presente regulamento ten por obxecto o desenvolvemento do servizo de axuda no fogar do Concello de Vilagarcía de Arousa, dentro do ámbito de aplicación da Lei 13/2008, de decembro de Servizos Sociais de Galicia, a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, o Decreto 15/2010 de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento de situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, a Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que regula o servizo de Axuda no Fogar e a Ordenanza nº34 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar por libre concurrencia e a persoas valoradas como dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa.

ARTIGO 1.- OBXECTO

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Vilagarcía de Arousa.

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este regulamento é de aplicación ao programa de Axuda no Fogar a desenvolver no Concello de Vilagarcía de Arousa.

ARTIGO 3.- COMPETENCIA

Correspóndelle ao Concello de Vilagarcía de Arousa a través dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos a planificación, programación, e dirección técnica do servizo, a coordinación, seguemento, supervisión e control do Servizo de Axuda no Fogar, así como o



análise e avaliación de altas e baixas do servizo na modalidade de acceso ao servizo en libre concorrencia.

O Concello poderá contratar a execución do Servizo de Axuda no Fogar a través das modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público.

ARTIGO 4.- DEFINICIÓN E OBXECTIVOS

1. O servizo de Axuda no Fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

A prestación deste servizo ten carácter de reforzo e non substitúe ás propias capacidades da persoa usuaria e doutras persoas do seu contorno inmediato nin exime en ningún caso á familia das súas responsabilidades.

2. Son obxectivos do Servizo de Axuda no Fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

ARTIGO 5.-CONTIDO DO SERVIZO

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais comunitarios básicos do concello de Vilagarcía de Arousa, poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos



prescritas por facultativos.

-Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.

-Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

-Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.

-Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

-Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

-Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

-Preparación dos alimentos.

-Lavado e coidado das prendas de vestir.

-Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

-Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

-Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

-Adaptacións funcionais do fogar.

3. Poderán integrarse, ademais, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescripción



técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e da calidade de vida.

4. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo

-A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

-Actuacións que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

ARTIGO 6.- PERSOAS DESTINATARIAS

1. De acordo co establecido no artigo 5 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, o servizo estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá ás persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato así como os fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social, ou que precisen unha medida temporal de apoio para a consecución dun fin establecido nun proxecto de intervención social.

2. En todo caso darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

ARTIGO 7.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.



2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva. No caso de presentación de reclamación esta será inmediatamente atendida en cumprimento da normativa vixente.

ARTIGO 8.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
5. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal



ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.

6. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.

7. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

ARTIGO 9.- PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 9.1.- Forma de prestación

1. O Concello de Vilagarcía de Arousa conta coa Autorización de Inicio de Actividades con número de identificación no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) E- 486 do Programa de Axuda no Fogar do Concello de Vilagarcía de Arousa, sito en Praza Ravella, 1, no Concello de Vilagarcía de Arousa, de conformidade co establecido no Decreto 143/2007, de 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos. Sociais.

2. O servizo de axuda no fogar do Concello de Vilagarcía de Arousa actualmente estase a prestar a través da entidade adxudicataria CLECE, S.A. (nº rexistro AS-1410, con data de 16 de decembro de 2005).

3. O servizo estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais, de conformidade co artigo 12. 1 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

4. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar que, no caso de atender a persoas afectadas por déficits de autonomía, estarán en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia de servizos socioculturais e á comunidade.



5. O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través dos Servizos Sociais Comunitarias Básicos, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no cal constará polo menos:

- a) Informe Social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b) Proxecto de Intervención, asinado polo técnico responsable que designe a entidade titular. (Anexo II)
- c) Acordo de Servizo, asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria (Anexo III)

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

6. A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

Artigo 9.2.- Modalidades de acceso

O acceso ao servizo producirase, segundo o artigo 13 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o servizo de axuda no fogar, a través dos servizos sociais comunitarios básicos, de acordo coas seguintes modalidades:

1.- Acceso directo : para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención (PIA), consonte o establecido no Decreto 15/2010 de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento de situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, así como na Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establece os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación de intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.



2.- Acceso de libre concorrencia : para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais comunitarios básicos, que se resolvera en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos neste regulamento.

3.- De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións en que a problemática principal estea relacionada con aspectos de convivencia e socioeducativos.

4.- Nos supostos recollidos nos apartados 2) e 3) deste artigo empregarase un baremo no que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social e a calidade de vida. (Anexo I)

Artigo 9.3.- Criterios de Organización e Funcionamento

1.- O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais comunitarios básicos de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e será coordinado por un/unha profesional do equipo técnico do servizos sociais do Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.- O horario do Centro de Servizos Sociais Comunitario Básico do Concello de Vilagarcía de Arousa en relación ao Servizo de Axuda no Fogar establécese de luns a venres dende as 08:00h ás 15:00h. Existindo ademais a disposición dos usuarios/as a atención por parte da persoa coordinadora do servizo de axuda no fogar nos horarios de prestacións das atencións do servizo de axuda no fogar.

3.- No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

O procedemento a desenvolver nesta modalidade de acceso ao servizo a través da resolución do PIA será a seguinte:

- a) Entrada e recepción da Resolución de grao e nivel de dependencia da persoa valorada.
- b) Recepción do requerimento do órgano correspondente da Xunta de Galicia da dispoñibilidade horaria e praza para a prestación do servizo.



- c) Derivación á UTS correspondente e, en cumprimento do artigo 14 3 c) da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar e a lexislación vixente, realización da visita domiciliaria para a apertura do expediente e determinación do proxecto de Intervención (anexo II) e informe social no que fará constar a capacidade económica da persoa usuaria e, de se lo caso, a cota de cofinanciamento que lle corresponda.
- d) En caso de desestimento da persoa interesada, esta expresará por escrito dita circunstancia, que será notificada ao organismo correspondente da Xunta de Galicia.
- e) No caso de aceptación, xunto co informe social social elaborase a proposta dirixida á Xunta de Goberno Local de incorporación ao servizo. A resolución desta notificarase á UTS, ao/á interesado/a e á entidade prestadora do servizo.

Se a persoa beneficiaria ten que participar no cofinanciamento do servizo, deberase incorporar ao expediente unha orde de domiciliación bancaria.

O servizo iniciarase previa presentación á persoa usuaria do persoal da entidade prestadora do servizo por parte do técnico designado e a sinatura do acordo de servizo (Anexo III), co coñecemento de tódalas partes implicadas na prestación do servizo dos contidos do mesmo e do proxecto de intervención.

3.- No acceso en libre concurrencia será de aplicación o seguinte:

- a) O procedemento iniciarase por instancia de parte, mediante a solicitude, e documentación requerida (Anexo IV), que se presentaran no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, e de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.
- b) As solicitudes serán derivadas á UTS, onde o persoal técnico, en cumprimento do artigo 14. 3 c) da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar e a lexislación vixente, procederá a realizar visita domiciliaria para a apertura do expediente e o proxecto de Intervención (anexo II) e informe social no que fará constar a capacidade económica da persoa usuaria e, de se lo caso, a cota de cofinanciamento que lle corresponda.
- c) O expediente xunto co informe social e a proposta de resolución será remitida á X.G.L para a súa aprobación.



d) A solicitude, resolverase por decreto do alcalde/sa, quen pode delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Transcorrido un prazo máximo de tres meses, a contar dende o día seguinte a o que fora completada a documentación preceptiva, sen formalizarse dita resolución a persoa interesada deberá entender denegada a súa solicitude.

A extensión e intensidade do Servizo de Axuda no Fogar que poida recoñecerse, virá condicionada pola limitación dos orzamentos municipais disponibles para este servizo.

A resolución sobre a decisión, será motivada e deberá conter, entre outros, os seguintes extremos:

- 1.- Aprobación ou denegación do servizo.
- 2.- Condicións da concesión, indicando polo menos:
 - As atencións aprobadas.
 - Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda especificando a puntuación obtida.
 - Intensidade horaria: número de horas de atención mensual.
 - Porcentaxe de aportación económica en relación ao custe do servizo que satisfará a persoa beneficiaria.
 - Porcentaxe de aportación económica en relación ao custe do servizo que satisfará o Concello de Vilagarcía de Arousa
- 3.- Información sobre os recursos que contra a mesma procedan, órgano administrativo ou xudicial perante o que presentalos e prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que o/as interesado/as poidan exercer calquera outro que estimen oportuno.

A resolución de aprobación que se dite, notificarase á persoa interesada ou representante legal da mesma, á Unidade de Traballo Social e á entidade prestadora do servizo.

En caso de denegación, farase constar as causas que orixinaron dita resolución e serán notificadas á persoa interesada ou representante legal da mesma e á Unidade de Traballo Social.

Ademais, porá fin ó procedemento o desistimento, a renuncia, a declaración de caducidade, así como a imposibilidade material de continuo servizo pola aparición de causas sobrevidas.



e) Unha vez aprobada, e existindo dispoñibilidade de praza no servizo, notificarase á persoa interesada ou representante legal da mesma, á Unidade de Traballo Social, e a entidade prestadora do servizo, o alta efectiva do servizo que se producirá segundo o caso no prazo convido.

f) Unha vez notificadas a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais comunitarios do Concello e a persoa usuaria ou representante legal da mesma, condicións básicas da prestación que se substanciarán no acordo de servizo (anexo III). A súa sinatura posibilitará o inicio da prestación do/s servizo/s concedido/s.

O servizo iniciarase previa presentación á persoa usuaria do persoal da entidade prestadora do servizo por parte do técnico designado e a sinatura do acordo de servizo, co coñecemento de tódalas partes implicadas na prestación do servizo dos contidos do mesmo e do proxecto de intervención.

Se a persoa beneficiaria ten que participar no cofinanciamento do servizo, deberá incorporar ao expediente unha orde de domiciliación bancaria.

4.- Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio. Neste caso, deberá garantirse na súa tramitación os requisitos e circunstancias documentais fixados para o caso de iniciarse a instancia de parte.

5.- No caso de extrema e urxente necesidade sobrevenida, debidamente xustificada baixo o criterio técnico do/a traballador/a social da UTS e co perceptivo infome, poderá propoñerse a inmediata concesión e inicio da prestación sen que a solicitude e a documentación estea debidamente cumprimentada, mediante resolución motivada do/a alcalde/sa ou do membro da corporación local delegado/a de servizos sociais.

Poderase iniciar previa solicitude e/ou de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente no prazo máximo de dous meses.



6.- No caso de tratarse de intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, algunha das seguintes figuras profesionais: técnico superior en integración social, diplomado en educación social ou diplomado en traballo social.

7. Se a solicitude non reunise os requisitos que sinala o artigo 70 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/99, ou non se acompañase de algúns dos documentos esixidos na referida normativa, requirirase ao/á interesado/a para que no prazo de 10 días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá de ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da citada lei.

8. En caso de ausencia de prazas, a solicitude aprobada pasará a unha lista de agarda que se ordenará por orde da puntuación obtida

9. Todas as extincións, modificacións e ou suspensións efectuadas sobre a prestación de Servizo de axuda no Fogar en cumprimento dos artigos 10 e 11 do presente regulamento deberán recollerse no expediente da persoa beneficiaria, remitindo, xunto co informe social, proposta de aprobación á Xunta e Goberno Local.

Artigo 9.4.- Causas de denegación.

A denegación da solicitude procederá por algunha das seguintes causas:

1. Non cumprir os requisitos esixidos.
2. Poder satisfacer axeitadamente as súas necesidades por si mesmo/a e/ou co apoio dos seus familiares. Non alcanzar unha puntuación mínima de 10 no Factor 1- Autonomía Persoal do baremo (anexo I), agás valoración positiva do/a traballador/a social.
3. Non ser a necesidade alegada obxecto de cobertura polo SAF.
4. Non aceptar as condicións do servizo municipal en canto a prestacións e achega económica.



5. Persistir as circunstancias que motivaron a extinción do servizo a través dun expediente sancionador.

6. Persistir as circunstancias que motivaron a denegación do servizo con anterioridade.

7. Calquera outra causa debidamente motivada.

ARTIGO 10.-CAUSAS DE EXTINCIÓN OU MODIFICACIÓN DO SERVIZO

1.- Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

a) Por renuncia ou desestamento da persoa usuaria.

b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención (anexo II) que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

c) Traslado definitivo da súa residencia a outro Concello.

d) Falecemento da persoa usuaria ou ingreso en residencia.

e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

f) A falta reiterada de pagamento do servizo, nos termos indicados na súa norma reguladora.

g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

h) Aparición de causas sobrevidas que produzan a imposibilidade material de continuar coa prestación do servizo.

i) A ausencia inxustificada do domicilio por tempo superior a un mes.

j) Atoparse en situación de suspensión do servizo por un período superior a tres meses.



k) Melloría da situación ou superación das causas que orixinaron a intervención do SAF.

2.- Son causas de modificación do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

a) Con carácter xeral a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe e acordo de servizo (anexo III).

b) As persoas usuarias que tiveran accedido ao servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrência, e fosen valoradas con posterioridade correspondéndolles a efectividade do dereito, poderán ver modificadas as condicións da prestación do servizo conforme ao establecido no programa individual de atención e a normativa de aplicación.

c) As modificacións tamén poderán producirse a petición da persoa interesado/a, mediante solicitude subscrita pola mesma e coa valoración do/a traballador/a social da unidade de referencia.

3.- Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 15/2010 de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento de situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.



ARTIGO 11.-CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

ARTIGO 12.- COORDINACIÓN E SEGUIMIENTO

1. O programa de axuda no fogar esixe unha coordinación permanente a tres niveis:
 - Interna co persoal técnico dos Servizos Sociais comunitarios.
 - Externa coa entidade prestataria para o inicio, seguimento e avaliación prestación.
 - Con outros axentes implicados no servizo.

2. O Servizo de Axuda a Domicilio concedido a cada persoa será obxecto de seguimento periódico para valorar:
 1. A consecución dos obxectivos programados.
 2. A adecuación do tempo e intensidade da axuda.
 3. A satisfacción da persoa beneficiaria

3. Unha vez iniciado o servizo, levarase a cabo o seguimento polo equipo técnico ou profesionais do Servizo de Axuda no Fogar, que poderán recadar información complementaria da persoa usuaria, do persoal auxiliar de Axuda a Domicilio e/ou a través do persoal coordinador da entidade prestadora, que se reflectirá no expediente correspondente.
A persoa que exerza como responsable técnica garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e,



como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención (anexo II) e no acordo de servizo (anexo III). Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual.

4. As solicitudes que no seu caso se atopen en lista de agarda, de igual modo serán periódicamente revisadas coa finalidade de que as mesmas estean permanentemente actualizadas.

5. A entidade prestadora do servizo canalizará as posibles queixas, incidencias e urxencias do servizo, tanto do persoal auxiliar como das persoas beneficiarias e das súas familias a través do seu persoal técnico que, en primeira instancia, adoptará as medidas oportunas para solventalas, dando conta á entidade titular. En todo caso, se fose necesario, intervirán os Servizos Sociais Comunitarios Básicos en cumprimento das súas obrigas na xestión, organización, supervisión e seguemento do programa.

ARTIGO 13.- INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, todos os días da semana incluídos festivos, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar ás persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención (anexo II), de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 5 punto 1a) todos os días da semana.

Cando a persoa usuaria manifeste o desexo de dispoñer de menos horas do mínimo do intervalo que marca a lei para o seu grao e nivel, ou así se acorde entre a persoa usuaria e o seu/súa traballador/a social, deberá facerse constar por escrito e será engadido ao seu expediente.

O horario de prestación do servizo actualmente é de luns a domingo de 09:00h a 22:00h.



3.- No caso de persoas que accedan ao servizo de axuda no fogar en libre concorrancia ou por urxencia sobrevenida o tempo de atención para cada persoa virá prescrito polos Servizos Sociais Comunitarios e definido no seu proxecto de intervención (anexo II) e terán unha duración mínima de 8 horas mensuais e máxima de 30 horas mensuais de atencións, non superando 1 hora/día, agás casos excepcionais de carácter temporal debidamente motivado e xustificado que deberá constar no devandito proxecto de intervención.

ARTIGO 14.- FINANCIAMIENTO DO SERVIZO

1.- O Servizo de Axuda no Fogar é unha prestación básica dos Servizos Sociais Comunitarios, que se cofinancia con achegas das administracións públicas e das persoas beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar.

2.- O Concello poderá prestar o servizo público de axuda no fogar ben directamente ou a través das modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas pola administración autonómica para a prestación deste servizo.

3.-En todo caso o SAF terá un carácter contractual entre o Concello e a persoa usuaria polo que será imprescindible, de conformidade coa Orde de 22 de xaneiro de 2009, a sinatura dun contrato ou acordo de servizo(Anexo III) entre ámbalas dúas partes que conterá cando menos a data de inicio e remate da prestación do servizo, horas semanais e horario de prestación, atencións e tarefas específicas que realizará o persoal auxiliar do servizo e aquelas que a persoa usuaria e/ou a súa familia ou persoas achegadas se comprometan a levar a cabo, así como a achega mensual da persoa usuaria como contribución ao custe do servizo, entre outros.

4.- O financiamento do Servizo de Axuda no Fogar desenvolverase de acordo coa Ordenanza nº 34 Reguladora do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar por libre concorrancia e persoas valoradas como dependentes.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Queda derogado o anterior Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Vilagarcía de Arousa.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA



O presente regulamento entrará en vigor transcorridos quince días da súa completa publicación no Boletín Oficial da provincia e tramitarase segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Régimen Local.

ANEXOS

Anexo I- Baremo para a asignación do Servizo de Axuda no Fogar en libre concurrencia

Anexo II- Proxecto de intervención

Anexo III- Acordo de Servizo

Anexo IV- Solicitud de Servizo de Axuda no Fogar por libre concurrencia

Anexo V- Modelo de comunicación de ausencias do domicilio